

BACHARELATO

1º BACHARELATO

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO.

INSTRUMENTOS AVALIADORES

Os aspectos que se terán en conta á hora da avaliación do alumnado son os seguintes:

1. O traballo individual. Terase en conta a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos e a expresión e a comprensión dos mesmos.
2. Utilización axeitada do vocabulario específico da materia.
3. O funcionamento da clase, prestando especial atención á actitude participativa, á valoración crítica e ao nivel de tolerancia de cada alumno/a, así como á realización das tarefas que se indiquen en cada período lectivo.
4. En canto ás probas escritas, procurarase facer polo menos dúas por avaliación (no seu defecto só unha se o tempo non permite máis). As probas constarán de:

MODELO DE PROBA

As probas que deberán facer os alumnos e alumnas contarán cunha diversidade e variedade de preguntas para valorar diferentes capacidades de comprensión, redacción, explicación e desenvolvemento de conceptos. Deberá quedar claro que non será o único procedementos para valorar as capacidades e certas competencias do alumnado.

- Definición breve de conceptos e ideas.
- Relación entre conceptos diversos.
- Identificación e comentario sobre a transcendencia de personaxes históricos.
- Realización, análise e comentario, máis ou menos guiado segundo o nivel do grupo e do alumnado, de textos, gráficos e imaxes históricas e xeográficas
- Elaboración e comentario de mapas físicos, políticos e temáticos.
- Desenvolvemento dun tema concreto.

Poderase tamén optar pola realización de probas de carácter oral para valorar a capacidade discursiva oral do alumnado

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso realizaranse tres sesión de avaliación parciais. A derradeira destas sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario.
- O alumnado que non supere a materia logo da avaliación final do período ordinario terá dereito a realizar unha proba extraordinaria
- Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias.
- O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A media dos exames de todo o curso terán un valor na nota final dun 90% e o 10% restante sairá do traballo diario na clase e na casa, da actitude na aula e a realización das diferentes tarefas que ao longo do curso deberán desenvolver.
- É importante salientar que cando existan fundadas sospeitas de que houbo algún tipo de irregularidade en calquera proba feita polo alumnado, o profesor poderá repetir a mesma, sempre e cando o estime oportuno. Cando esas irregularidades estén plenamente confirmadas e atestiguadas a nota da avaliación será un 0.
- Aqueles alumnos que suspendan unha avaliación parcial terán dereito a recuperala no trimestre seguinte, agás na última avaliación, que en caso de non estar superada deberá ser recuperada na proba da avaliación final ordinaria.
- A nota final da avaliación final do período ordinario será a media dos resultados obtidos en cada avaliación, **sendo necesario ter aprobados todos eles** para superar a materia.
- O alumnado que non supere a materia na avaliación final ordinaria terá dereito a realizar unha proba extraordinaria. Para superala haberá que obter como mínimo 5 puntos. No período entre o final da avaliación ordinaria e extraordinaria o alumnado suspenso fará actividades de repaso e recuperación para preparar a proba extraordinaria
- As actividades de ampliación realizadas no período entre a 3ª avaliación e a final poderanse ter en conta ata nun 0,25 da nota final